

Proxecto refuxiados

Obxecto

Xapón, ano 2011. Un inmenso terremoto e o tsunami posterior deixan toda a rexión nun estado de desastre total. As cifras de mortos, desaparecidos e desprazados dos seus fogares son terroríficas. Os medios de comunicación non paran de dar cifras. Pero as cifras pouco nos din.

O fotógrafo *Munemasa Takahashi* faise cargo de 750000 fotografías atopadas entre o lixo do desastre. Restáuranse ata onde é posible e iníciase o labor de devolvelas ás familias. Pero a maior parte delas non atopan o seu dono. Con elas elabora a exposición “*Lost & found*” que podes ver na seguinte foto. Agora si que as cifras son significativas: impresionan.



Queremos propoñervos unha medida semellante para facer visible o invisible: a inmensa dor de milleiros de familias que, fuxindo das guerras buscan refuxio en Europa e morren afogadas no mar Mediterráneo. Segundo cifras estimadas, no ano 2016 fuxiron máis de un millón de persoas das que 3800 morreron na súa fuxida¹. Botando contas, falamos de 380 ao mes, ou de 13 diarias.

Por cada aula (25 alumnos) deste colexio que se sume ao proxecto, equivalería a facer visibles ás persoas falecidas en 2 días. E non son só esas persoas porque detrás de cada persoa hai unha familia destrozada.

¹ Datos de xaneiro a outubro de 2016.

Esta exposición estará aberta ao público por un tempo determinado no que sería interesante que familiares e amigos a visitasen.

En que consiste o traballo

O noso colexio celebra este ano o seu 25 aniversario, e temos rescatado do almacén de materiais orixinais 2 “*resmas*”² de papel secante, papel usado nos laboratorios para “secar” líquidos sobrantes e que nos reconverteremos en secar pés esquecidos, como base para o noso proxecto.

Sobre cada prego depositamos:

- Un zapato vello e deteriorado do pé esquerdo que teñamos por casa a piques de tiralo ao lixo. (Se queres participar e non o tes, procúrao entre zapaterías, zapateiros, familiares, amigos...)
- Para o pé dereito ao seu lado, debuxamos no prego a súa contorna (un xeito de visualizar que o seu dono xa non está) e o decoraremos como queiramos.
- Por último, no lateral dereito escribimos con letra caligráfica ben coidada un nome árabe co seu significado entre parénteses. Por exemplo: “Abdel Ghaffâr (Servinte do que perdoo)” e debaixo, o noso nome como autor/a do traballo. (Ver enlaces que se xuntan).

Enlaces de interese

- A iniciativa xaponesa: <https://goo.gl/Ki9Wkh>
- Cifras de refuxiados falecidos no Mediterráneo: <https://goo.gl/dwsks3>
- Información adicional sobre os refuxiados: <https://goo.gl/AITbl4>
- As resmas: <https://es.wikipedia.org/wiki/Resma>
- Caligrafía creativa: <https://youtu.be/Aq9uF6-Q4gU>
- Nomes propios árabes: <https://goo.gl/Gygb7H>
- Tipos de letra para facer probas de lettering³: <http://www.dafont.com/es/>

² **Resma**: unidade de medida tradicional para contar follas de papel. 1 resma = 20 mans de papel. 1 man de papel = 5 caderniños. 1 caderniño = 5 pliegos de papel. Polo tanto, 1 resma = 500 pliegos de papel.

³ Na web de dafont, probade a elixir o grupo “*script*” subgrupo “*caligrafía*”.